



## CONSELLO DA CULTURA GALEGA

### ENCONTROS MONOGRÁFICOS CO PATRIMONIO CULTURAL. PROGRAMA IN SITU

Os centros interpretativos como espazos de educación e formación da cidadanía nos espazos rurais. Unha ollada dende o Centro de Interpretación de Bretoña (A Pastoriza, Lugo)

Os **Encontros Monográficos co Patrimonio Cultural**, son unha iniciativa levada a cabo polo **sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG**, que comezou en novembro de 2015. Teñen como obxectivo xerar un espazo de difusión, debate, encontro e coñecemento arredor de diferentes proxectos que afectan ao patrimonio cultural, en xeral, e que moitas veces non chegan a un público amplo por diferentes motivos. Os encontros acollen a calquera persoa que se queira achegar a este espazo, ben sexa un profesional da xestión do patrimonio ou da cultura, unha investigadora ou investigador ou calquera axente social que teña interese polo patrimonio e polo debate arredor do mesmo. Os protagonistas dos encontros son así sempre o elemento patrimonial, o debate e a reflexión. Os encontros focalizaron ata o de agora en proxectos de arqueoloxía, rehabilitación, arquitectura, historia da arte, ou mesmo en enfoques interdisciplinares; pero tamén na xestión patrimonial, na divulgación do patrimonio, na participación cidadá e incluso no conflito patrimonial. En patrimonios esquecidos e vivos, materiais e inmateriais, amigables ou conflictivos. Nas políticas patrimoniais, nos encontros e des-encontros. En 2018 puxemos en marcha o programa **IN SITU** que traslada a difusión e reflexión ao contexto xeográfico e social dos bens nos que se focaliza cada encontro, analizando IN SITU as realidades patrimoniais. Este programa quere contribuír a evidenciar a necesidade desa análise, pero tamén a crear outros lugares de reflexión fóra do seu habitual espazo de elaboración na sede do CCG en Santiago de Compostela.

Neste 2022 un dos espazos no que focalizaremos a mirada é o CIN Bretoña, un centro de interpretación localizado no Concello de A Pastoriza (Lugo) que conta cunha exposición centrada na arqueoloxía, historia e etnografía do concello, pero que pon a mirada tamén no patrimonio natural, a través dunha serie de rutas polos arredores, así como nos protagonistas que construíron a historia de Bretoña. A través deste proxecto, queremos traer a debate o papel dos centros de interpretación en Galicia na formación e educación patrimonial da cidadanía, sobre todo nos espazos rurais, que papel xogan, cal é o seu funcionamento, cal a conexión coas poboacións locais, que tipo de xestión se fai neles, para rematar nunha ollada máis ampla desde unha mirada crítica e interdisciplinar á infraestrutura dos centros de interpretación existentes en Galicia e as novas tendencias. Para elo, teremos como marco a *Lei 7/2021, de 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia*, que define os centros de interpretación do patrimonio cultural como as instalacións permanentes abertas ao público que cumpran os requisitos establecidos nesta lei e que, sen expor necesariamente bens culturais mobles nin ter fins lucrativos, estean vinculados a lugares ou monumentos que,



## **CONSELLO DA CULTURA GALEGA**

### **ENCONTROS MONOGRÁFICOS CO PATRIMONIO CULTURAL. PROGRAMA IN SITU**

Os centros interpretativos como espazos de educación e formación da cidadanía nos espazos rurais. Unha ollada dende o Centro de Interpretación de Bretoña (A Pastoriza, Lugo)

contando cos elementos necesarios de infraestrutura e recursos humanos, poidan proporcionar á cidadanía as claves para a comprensión dos seus valores culturais, cunhas funcións ben establecidas que van dende a difusión e o feito de facilitar ao público do seu significado cultural, ou a protección e conservación dos bens que os integran, ata a contribución á formación de profesionais con titulacións relacionadas o ámbito dos centros de interpretación.



## CONSELLO DA CULTURA GALEGA

### ENCONTROS MONOGRÁFICOS CO PATRIMONIO CULTURAL. PROGRAMA IN SITU

Os centros interpretativos como espazos de educación e formación da cidadanía nos espazos rurais. Unha ollada dende o Centro de Interpretación de Bretoña (A Pastoriza, Lugo)

**PROGRAMA IN SITU. Os centros interpretativos como espazos de educación e formación da cidadanía nos espazos rurais. Unha ollada dende o Centro de Interpretación de Bretoña (A Pastoriza, Lugo)**

#### FOTO

#### Programa provisorio

#### Bretoña, 15 de marzo

##### Sesión da mañá

13.00 horas

Visita ao CIN Bretoña

##### Sesión da tarde

16.30 horas

Presentación (Alcalde, presidenta do CCG, coordinadoras)

16.45 horas

O CIN Bretoña: xestión e programación na Casa da Golacha (Roque)

17.15 horas

O espazo expositivo do CIN Bretoña: historia, arqueoloxía e etnografía (Francisco Alonso)

17.45 horas

O CIN no lugar: a conexión cos espazos e coa xente (Primitivo Iglesias?)

18.15 horas

Descanso.

18.45 horas

**Mesa redonda: A rede de centros de interpretación de Galicia a debate. O seu papel como centros de educación e formación (Encarna Lago, Araceli Serantes, Mar Bóveda)**



## **CONSELLO DA CULTURA GALEGA**

### **ENCONTROS MONOGRÁFICOS CO PATRIMONIO CULTURAL. PROGRAMA IN SITU**

Os centros interpretativos como espazos de educación e formación da cidadanía nos espazos rurais. Unha ollada dende o Centro de Interpretación de Bretoña (A Pastoriza, Lugo)

19.30 horas

**Debate**